

DIAGNOSE EN MATERIA DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Concello de Cedeira



Maio 2023

Asistencia técnica: Tania Merelas Iglesias

Supervisión e coordinación técnica: Concellería de Turismo, Participación Cidadá e Xuventude

Financia: Concello de Cedeira

ÍNDICE

CONTEXTUALIZACIÓN.....	1
LOCALIZACIÓN E PATRIMONIO.....	1
Datos e información estatística.....	3
DATOS DEMOGRÁFICOS.....	3
DATOS DE EDUCACIÓN.....	5
DATOS SANITARIOS.....	10
Programas, recursos e servizos dirixidos á infancia e á adolescencia.....	12
CENTRO DE OCIO XUVENIL.....	12
DESDE O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.....	13
DENDE O DEPARTAMENTO DE DEPORTES E PRAIAS.....	16
DENDE O DEPARTAMENTO DE CULTURA E TURISMO.....	17
ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.....	18
valoración da situación da infancia e adolescencia en cedeira.....	20
PRINCIPIOS, METODOLOXÍA E PRINCIPAIS VALORACIÓNS.....	20
principios de actuación.....	20
metodoloxía de traballo.....	20
principais valoracións.....	26
CONCLUSIÓNS.....	33

CONTEXTUALIZACIÓN

LOCALIZACIÓN E PATRIMONIO

O concello de Cedeira está ubicado na costa norte da provincia da Coruña, nas denominadas Rías Altas galegas, e máis concretamente, integrado na comarca de Ferrolterra.

IMAXE 1: LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA



Fonte: elaboración propia

O concello ten unha superficie de 85,42 km² e está dividido nun total de 7 parroquias:

- ∴ Cedeira (Santa María do Mar)
- ∴ Cerbo (Santa Eulalia)
- ∴ Montoxo
- ∴ Piñeiro (San Cosme)
- ∴ Régoa (Santa María)
- ∴ San Román

Nesta vila mariñeira, tres faros orientan o camiño na costa: Punta Candiera, Robaleira e Punta Sarridal. E destaca o valor patrimonial das súas praias, como as da Magdalena, Sonreiras ou Burbullas, por citar algunhas. Igualmente, destaca o valor morfolóxico e pretroxénico da serra da Capelada, onde podemos reparar en

puntos máxicos como os cantís de Vixia de Herbeira ou a vila de Santo André de Teixido.

A posta en valor do patrimonio evidénciase nos diferentes roteiros a través dos cales se pode coñecer un pouco máis da historia desta vila mariñeira, algunhas delas no marco do proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal:


- ∴ Ruta das Portas da Vila (Porta da Vila, Porta das Cartas, Porta de Rebordelo e Porta de Ribeira ou do Areal).
- ∴ Xeorruta do granate
- ∴ Xeorruta da praia de areas negras
- ∴ Xeorruta dos cantís
- ∴ Xeorruta do cromo

DATOS E INFORMACIÓN ESTATÍSTICA

DATOS DEMOGRÁFICOS

O concello de Cedeira conta cunha poboación de 6650 persoas segundo datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística, en diante IGE, (xaneiro, 2021). Do total, 3324 son homes e 3326 son mulleres.


GRÁFICO 1. DATOS DE POBOACIÓN



Fonte: IGE

Os datos demográficos manteñen unha liña común ao conxunto do territorio galego, caracterizados pola súa representación a través dunha pirámide invertida, con maior taxa de poboación nas idades máis avanzadas e menor proporción de nacementos e crianzas. Se temos en conta a distribución por idades e sexo da poboación cedeiresa, atopamos unha tendencia á feminización a partir dos 55 anos de idade, e unha masculinización presente, fundamentalmente na infancia e na adolescencia.


GRÁFICO 2. POBOACIÓN SEGUNDO SEXO E GRUPOS DE IDADE



Fonte: IGE

Entre 2017 e 2021, os nacementos de varóns superan de forma significativa aos de mulleres, deixando unha radiografía que evidencia a masculinización das idades máis temperás. Nalgúns casos, coma no ano 2019, no concello de Cedeira naceron 20 nenos e 8 nenas. O saldo vexetativo correspondente a este período (2017 – 2021) confirma a tendencia negativa no crecemento da poboación.

GRÁFICO 3. EVOLUCIÓN DOS NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS E SALDO VEXETATIVO ENTRE 2017 E 2019




Fonte: IGE

DATOS DE EDUCACIÓN

O concello de Cedeira conta con un instituto de ensino secundario, o IES Punta Candieira e un centro de educación infantil e primaria, o CEIP Nicolás del Río. Ademais, na primeira etapa de educación infantil conta tamén con unha Galiña Azul (0-3 anos).


A continuación presentamos, desgregados por sexo os datos relativos ao IES Punta Candieira para o curso académico 2022/23.

GRÁFICO 4. ALUMNADO DA ESO SEGUNDO SEXO



Fonte: Datos do IES Punta Candieira


GRÁFICO 5. ALUMNADO DE BACHARELATO SEGUNDO SEXO



Fonte: Datos do IES Punta Candieira


O equilibrio por sexo rómpese de forma evidente no marco da formación profesional, tanto nos ciclos básicos como superiores. Os estereotipos e roles de xénero provocan unha segregación horizontal que concentra a unha maioría de rapaces nos estudos relacionados coa electricidade, coa mecánica industrial,... mentres as rapazas optan maioritariamente por estudos relacionados coa administración e finanzas, e actividades comerciais.

GRÁFICO 6. ALUMNADO DE FP BÁSICA E ESA SEGUNDO SEXO




Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 7. ALUMNADO DE FP SUPERIOR EN MANTENIMENTO ELECTROMECAÁNICO SEGUNDO SEXO




Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 8. ALUMNADO DE FP SUPERIOR EN INSTALACIÓN ELÉCTRICAS SEGUNDO SEXO




Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 9. ALUMNADO DE FP SUPERIOR EN ADMÓN. E FINANZAS SEGUNDO SEXO




Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 10. ALUMNADO FP SUPERIOR EN MECATRÓNICA INDUSTRIAL SEGUNDO SEXO




Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 11. ALUMNADO FP SUPERIOR DUAL EN ACTIVIDADES COMERCIAIS SEGUNDO SEXO



Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 12. ALUMNADO FP SUPERIOR EN SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS SEGUNDO SEXO



Fonte: Datos do IES Punta Candieira

GRÁFICO 13. ALUMNADO CICLO SUPERIOR EN MECÁNICA INDUSTRIAL SEGUNDO SEXO



Fonte: Datos do IES Punta Candieira

Pola súa banda, o CEIP Nicolás del Río presenta unha clara masculinización do 2º ciclo de educación infantil, cunha maior presenza de nenos en todos os cursos (4º, 5º e 6º de EI). En primaria, alcánzase un equilibrio por sexo, cunha lixeira maioría de rapazas.

TÁBOA 1. ALUMNADO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO SEXO

CURSO	RAPAZAS	RAPACES
4º educación infantil	9	19
5º educación infantil	12	24
6º educación infantil	12	18
TOTAL	33	61

Fonte: Datos do CEIP Nicolás del Río

TÁBOA 2. ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA SEGUNDO SEXO

CURSO	RAPAZAS	RAPACES
1º educación primaria	32	25
2º educación primaria	26	21
3º educación primaria	23	22
4º educación primaria	25	15
5º educación primaria	26	25
6º educación primaria	17	33
TOTAL	149	141

Fonte: Datos do CEIP Nicolás del Río

DATOS SANITARIOS

Cedeira está integrada na área sanitaria de Ferrol, a cal abarca 31 centros de saúde e consultorios, 9 Puntos de Atención Continuada (PAC) e un Complexo Hospitalario Universitario conformado por 3 centros hospitalarios:

- ∴ Hospital Arquitecto Marcide
- ∴ Hospital Naval
- ∴ Hospital Novoa Santos

Este área sanitaria ofrece cobertura a un total de 20 concellos da provincia da Coruña, o que se traduce en 150 parroquias e 690 núcleos de poboación, ocupando unha superficie de 1544 km², o que significa un 17,44% da extensión total da provincia, e un 4,66% do total de Galicia. Preto de 2300 profesionais da saúde traballan neste área sanitaria.

O concello de Cedeira conta cun Punto de Atención Continuada (PAC) onde podemos atopar os seguintes perfís sanitarios:

TÁBOA 3. PROFESIONAIS DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA

PERFIL PROFESIONAL	UNIDADES
Medicina xeral	5
Enfermaría	6
Celador/a	1
Función administrativa	2
Pediatra	1
Matrona	1
Farmacéutico/a	1
TOTAL	17

Fonte: Sergas

PROGRAMAS, RECURSOS E SERVIZOS

DIRIXIDOS Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA

CENTRO DE OCIO XUVENIL

En abril de 2022 abriu ás portas o centro de ocio xuvenil, un espazo pensado para que a rapazada que ten 12 ou máis anos teña un lugar de seu para poder desfrutar do tempo libre no concello.

Os dous primeiros meses (abril e maio) contabilizouse unha media de participación de 25 persoas/día, aínda que sen ofrecer distinción en base ao sexo. A partires de maio, os datos sistematizado pola coordinadora deste espazo xuvenil mostran a maior participación masculina, se ben é certo que a participación das rapazas tense incrementado notablemente nos últimos meses, e no global, a participación é paritaria aínda que amosa diferenzas en función das temáticas que se traten. Igualmente, a media de idade iniciou cunha maior participación por parte de rapazada de entre 15 e 16 anos, para situarse posteriormente no marco dos 12 ou 13 anos de idade.

A continuación presentamos algunhas das actividades e o seu impacto na participación da adolescencia cedeiresa.

TÁBOA 4. ACTIVIDADES DO CENTRO DE OCIO XUVENIL ABRIL – SETEMBRO 2022

DATA	ACTIVIDADE	RAPAZAS	RAPACES
Abril 2022	1ª Mesa de participación	3	5
Maio 2022	Torneo de fútbolín	4	8
Xuño 2022	Día mundial do medio ambiente	3	2
Xuño 2022	2ª mesa de participación	4	5
	Torneo de parchís	4	2
	Orgullo LGTBI 28 de xuño	4	0
Xullo 2022	Iniciación ao graffiti	4	4
Setembro 2022	3ª mesa de participación	3	5
	Obradoiro de montaxe de ordenador	0	2

Outubro 2022	Obradoiro de utilización da sala de música	0	3
Novembro 2022	Actividade de medioambiente en colaboración coa asociación Arce	2	0
	Obradoiro de reciclaxe téxtil	4	4
	25N: merenda-coloquio co equipo de igualdade do IES Punta Candieira	7	0
	25N: proxección documental con temática sobre violencia machista	0	4
Decembro 2022	Torneo de tenis mesa	1	7
	4ª mesa de participación	2	8
Xaneiro 2023	Torneo de Jenga	0	8
	TOTAL	45	67

Fonte: Datos do Centro de Ocio Xuvenil

DESDE O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

O departamento de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Cedeira atópase no terceiro andar do Centro Sociocultural municipal, e conta co seguinte equipo técnico:

- ∴ 2 traballadoras sociais
- ∴ 1 educadora familiar
- ∴ 1 psicóloga
- ∴ 1 auxiliar administrativo

O equipo técnico do departamento ofrece asesoramento e acompaña no proceso de solicitude de diferentes axudas ou servizos, entre as que podemos atopar:

- ∴ Bolsas de axuda ao estudo (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria): destinadas ao alumnado de ensino obrigatorio, mediante o sistema de préstamo de libros.
- ∴ Axudas a familias en casos de partos ou adopción múltiple: axudas económicas para familias nas que se produza un parto múltiple, adopción ou acollemento preadoptivo de varios/as.

- .: Cheque infantil: axuda económica para a atención de menores de tres anos en centros de primeira infancia non sostidos con fondos públicos.
- .: Prestación por fillo ou filla menor a cargo: axuda económica de pagamento único destinada a persoas que teñan ao seu cargo fillos ou fillas menores de tres
- .: Axudas a nais traballadoras con fillos ou fillas menores de tres anos (Axencia Tributaria): prestación económica mensual por cada fillo ou filla menor de tres anos.
- .: Adopción. Proporciona a menores en situación de desprotección un fogar e unha familia.
- .: Acollemento familiar: proporciona a menores en situación de desprotección un fogar e unha familia que cubran as súas necesidades básicas temporalmente.
- .: Equipo do/a menor: equipo técnico pluridisciplinar en materia de protección do/a menor destinado a desenvolver programas preventivos e de intervención en casos de desprotección do menor. Existe unha coordinación continua deste servizo cos servizos sociais de atención primaria.
- .: Gabinetes de orientación familiar: servizo público gratuito. A súa finalidade é servir de instrumento na protección e na atención da familia e dos seus membros.
- .: Puntos de encontro: son lugares onde pais, nais, fillos e fillas que non conviven xuntos poden realizar as visitas nun ambiente neutral baixo a supervisión de persoal especializado.
- .: Teléfono do/a menor: servizo gratuito dirixido a menores que queiran achegar suxestións ou facer denuncias de situacións de malos tratos, desamparo...
- .: Servizo de atención ao/á menor: apartado de correos destinado a menores que non se atreven a expoñer a súa queixa ou suxestión de viva voz.
- .: Adquisición de libros de texto: axudas para a compra de libros de texto e material didáctico complementario destinadas a alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos, en calquera curso da educación primaria e secundaria.
- .: Título de familia numerosa.

- ∴ Axudas periódicas para a integración do/a menor: axudas individuais de carácter periódico para proporcionarlles apoio económico ás familias a fin de garantir a atención adecuada das crianzas.
- ∴ Estadias nas residencias de tempo libre: destinado a persoas maiores de idade ou menores coa compañía de seus pais, súas nais ou titores/as legais.
- ∴ Centros de atención á primeira infancia: destinado a menores de tres anos con discapacidade física, psíquica e sensorial.
- ∴ Mediación familiar: profesionais especializados en actuacións psicosociofamiliares que auxilian a aquelas persoas que teñen ou tiveron unha relación familiar problemática a fin de ofrecerlles axuda para chegaren a unha solución pactada.

De forma específica, colle sinalar que no ano 2022, hai un total de 117 familias con menores ao seu cargo que teñen aberto un expediente no departamento de servizos sociais, en relación ás axudas que están activas, destácanse as seguintes:

TÁBOA 5. AXUDAS PARA FAMILIAS EN DIFICULTADE NO CONCELLO DE CEDEIRA

TIPO DE AXUDA	Nº PERSOAS BENEFICIARIAS
Axudas para a escolarización 0-3 anos	0
Axudas económicas de emerxencia	9
Axudas contra a pobreza enerxética	14
Axudas para comedores escolares	9
Axudas para materiais escolares	0
Axudas para o aluguer	5
Bonificación do IBI	8
Bonificación do lixo	9
TOTAL	54

Fonte: Departamento de servizos sociais

DENDE O DEPARTAMENTO DE DEPORTES E PRAIAS

O Concello de Cedeira conta cun polideportivo municipal en cuxas dependencias ofrécense unha diversidade de actividades, entre as que atopamos:

- ∴ Actividades con monitorado en piscina: natación, aquagym, saúde na auga, natación para embarazadas, natación para bebés, baño libre.
- ∴ Actividades con monitorado en pista: ximnasia de mantemento, pilates, ximnasia rítmica, fútbol sala, baile infantil, zumba, patinaxe, bádminton, educación física de base, tenis de mesa.
- ∴ Servizos que presta: alugueiro de pista interior e exterior, ximnasio, sala de spinning, alugueiro de pistas de pádel, aluguer campo de fútbol 7 e campo de fútbol 11.

Ademais, no termo municipal desenvolven a súa actividade deportiva os seguintes clubs:

- ∴ Natación Cedeira
- ∴ Fútbol Cedeira SD
- ∴ Fútbol Sala Cedeira
- ∴ Remo Cedeira
- ∴ Karate Cedeira
- ∴ Bádminton Cedeira
- ∴ Baloncesto Cedeira
- ∴ Clube Ciclista Punta Candieira
- ∴ Apader Cedeira
- ∴ Clube de Buceo
- ∴ Caza e pesca
- ∴ Taekwondo Cedeira
- ∴ Kick Boxing Cedeira

Colle sinalar o acordo coa Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para que as instalacións deportivas (pavillón) do CEIP Nicolás del Río sexan usadas por asociacións, clubs ou entidades culturais municipais.

DENDE O DEPARTAMENTO DE CULTURA E TURISMO

Desde o departamento de cultura e turismo xestiónanse todos os asuntos relativos ás actividades culturais, así como a biblioteca municipal e locais culturais municipais. Esta área é tamén a encargada do patrimonio histórico municipal. A continuación preséntanse as instalacións culturais coas que conta o Concello de Cedeira:

- ∴ Auditorio municipal. Con 240 localidades, o auditorio municipal acolle actividades culturais que precisan dun espazo amplo para o público. Cinema, teatro, concertos e diferentes actuacións organizadas desde a escola e o instituto teñen cabida nas súas instalacións. Desenvólvense tamén, sobre todo no Nadal e no mes de xuño, espectáculos feitos polas distintas asociacións culturais e musicais de Cedeira.
- ∴ A Biblioteca Pública Municipal López Cortón é un espazo cultural e de lecer para todas as idades. Ofrece préstamo de libros, películas e obras de música clásica. Dispón de sala de lectura, sala de computadores e wifi en todo o edificio. Ademais, desde a biblioteca municipal organizanse ao longo do ano numerosas actividades para público infantil (de 0 a 12 anos), como obradoiros, contacontos e diferentes actuacións, sempre relacionadas coa animación á lectura e á escritura.
- ∴ Palacete Municipal. Ademais de albergar a oficina de turismo, conta con salas de exposición de varios tamaños e adaptables para diferentes eventos.
- ∴ Sala Áncora. Trátase dun espazo diáfano multifuncional que pode servir para un amplo abano de actividades.

Se atendemos á programación cultural que desenvolve o Concello de Cedeira dirixida a crianzas menores de 11 anos, destácanse as seguintes actuacións:

- ∴ Bonificacións para infancia en situación de vulnerabilidade
- ∴ Visitas culturais a museos, exposicións... coordinadas cos centros educativos
- ∴ Organización de campamentos en períodos vacacionais
- ∴ Actividades ao aire libre e na natureza, coordinadas cos centros educativos para coñecer o sistema dunar e o entorno do río Condominas.
- ∴ Escola municipal de música
- ∴ Concertos

- ∴ Coordinación coa biblioteca escolar do CEIP Nicolás del Río, para o desenvolvemento do programa "Biblioteca humana".
- ∴ Actividades teatrais, destacando o teatro de rúa nas festas.
- ∴ Eventos anuais como a conmemoración da festa do Entroido, Samaín, Nadal.
- ∴ Apoio loxístico ao cine organizado pola ANPA Picapeixe.

Pola súa vez, tamén se recollen as principais actuacións en materia cultural dirixida a poboación adolescente de entre 12 e 17 anos:

- ∴ Espazos escénicos xuvenís (teatro, danza, concertos...).
- ∴ Escola municipal de música.
- ∴ Programación sociocultural e de lecer para a prevención de consumo de drogas.
- ∴ Apoio aos campamentos urbáns e de verán feitos polas asociacións deportivas.
- ∴ Concertos.

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

No curso escolar 2019/2020¹, o Concello de Cedeira, a través da Concellaría delegada de Participación, pon en marcha unha iniciativa experimental de participación cidadá co alumnado do IES Punta Candieira. O obxectivo é fomentar o debate sobre as necesidades municipais, recollendo propostas de actuación factibles que podan ser incorporadas aos orzamentos xerais do municipio no ano 2021.

O proxecto responde ao compromiso político de iniciar un proceso participativo vinculante tendo en consideración á adolescencia, converténdose nunha experiencia de aprendizaxe baseada na democracia participativa baseado nas seguintes premisas:

Temáticas abertas. Desde o equipo promotor do concello facilitouse un espazo autónomo para que o alumnado puidera escoller temáticas chave á hora de elaborar as propostas, evitando dirixir o proceso.

¹ Dada a suspensión do curso escolar e das clases presenciais en marzo de 2020, por motivo da crise sociosanitaria xerada pola COVID-19, o programa interrómpese e retómase no mes de outubro, xa no curso 2020/2021.

Adaptación ás limitacións do centro educativo. Trazando un cronograma axustado ás dispoñibilidades do alumnado de 3º da ESO, grupo seleccionado para participar na pilotaxe pola súa continuidade no curso escolar 2020/21. As sesións de traballo tiveron lugar en horas de titoría, coa intención de adaptar os contidos á programación e as competencias transversais do currículo.

Compromiso orzamentario. O concello comprometeuse a habilitar unha contía económica de 20.000€ e realizar as modificacións de crédito pertinentes para poder executar determinadas accións que sexan priorizadas polo alumnado, unha vez realizada a súa análise de viabilidade técnica, xurídica e económica.

Implicación do persoal técnico municipal. Desde Alcaldía e a Concellaría delegada implícase ao persoal técnico desde todos os departamentos, para poder realizar unha devolución de información útil ao alumnado e analizar as súas propostas antes de sometelas a asemblea de votación.

Como resultados do proxecto piloto e da súa continuidade, a adolescencia cedeiresa conta cun parque de calestenia na praia da Madalena, e tamén co compromiso de mellorar as pistas de xogo do parque Floreal. No curso escolar 2022/23 están pendentes as novas propostas derivadas deste proceso participativo.

VALORACIÓN DA SITUACIÓN DA INFANCIA E ADOLESCENCIA EN CEDEIRA

PRINCIPIOS, METODOLOXÍA E PRINCIPAIS VALORACIÓN

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Para coñecer a situación da infancia e da adolescencia no Concello de Cedeira estableceuse o deseño e execución dun traballo participativo que partiu dos seguintes principios:

- ∴ Protagonismo da infancia e da adolescencia.
- ∴ Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e enfoque de xénero.
- ∴ Coordinación desde diferentes departamentos e áreas técnicas municipais.
- ∴ Implicación de axentes sociais, educativos e comunitarios.
- ∴ Compromiso de escoita desde a gobernanza municipal.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

Nesta diagnose se situación destacamos o papel chave dos seguintes axentes:


TÁBOA 6. AXENTES PARTICIPANTES DESTA DIAGNOSE

Nenas e nenos
Adolescentes
Persoal técnico
Persoal político
Representantes de entidades educativas
Representantes do tecido asociativo, cultural e deportivo

Fonte: elaboración propia

Para o desenvolvemento da diagnose de situación creouse un espazo participativo no que poder escoitar as diferentes voces. Para avanzar na recompilación de información empregouse a seguinte metodoloxía:

GRÁFICO 14. AXENTES PARTICIPANTES DESTA DIAGNOSE



Fonte: elaboración propia

- ∴ Análise de fontes oficiais servímonos de datos expostos no Instituto Galego de Estatística, do Servizo Galego de Saúde así como da información facilitada desde os diferentes departamentos e áreas técnicas do Concello de Cedeira. Igualmente, contamos cos datos facilitados polo IES Punta Candieira e o CEIP Nicolás del Río.
- ∴ Obradoiros con nenas, nenos e adolescentes. En colaboración co CEIP Nicolás del Río e o IES Punta Candieira, desenvolveuse un obradoiro creativo co alumnado destas institucións, coa intención de facilitar a participación das crianzas. No caso do CEIP Nicolás del Río, participou todo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria. No caso do IES Punta Candieira, participou todo o alumnado de 2º e 3º da ESO, así como o alumnado de Formación Profesional Básica.

FOTO 1. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO CEIP NICOLÁS DEL RÍO



FOTO 2. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO CEIP NICOLÁS DEL RÍO



FOTO 3. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO CEIP NICOLÁS DEL RÍO




FOTO 4. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO IES PUNTA CANDIEIRA



FOTO 5. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO IES PUNTA CANDIEIRA



FOTO 6. OBRADOIRO DE PARTICIPACIÓN NO IES PUNTA CANDIEIRA



Para o desenvolvemento dos obradoiros creativos de diagnose no CEIP Nicolás del Río e no IES Punta Candieira, comezamos cun xogo introdutorio no que lle propoñíamos ao alumnado reflexionar sobre as seguintes cuestións:

- ∴ Gústame vivir en Cedeira?
- ∴ Teño ideas para mellorar Cedeira?
- ∴ Hai cousas que non me gustan de vivir en Cedeira?
- ∴ As rapaces e os rapaces tamén somos cidadás e cidadáns.
- ∴ As persoas adultas non nos toman en serio.
- ∴ Quero sumar ideas para mellorar Cedeira.

Despois deste xogo, realizouse unha breve aproximación á Convención dos Dereitos da Infancia, para despois iniciar un análise grupal sobre unha serie de temas, tratando de identificar necesidades, aspectos de mellora e cuestións que están ben.

No caso do alumnado de primaria, os temas que guiaron a diagnose foron os seguintes:

- ∴ Actividades culturais
- ∴ Actividades deportivas
- ∴ Parques
- ∴ Espazos naturais
- ∴ Problemas da infancia cedeiresa

No caso do alumnado de secundaria e formación profesional, os temas que guiaron a diagnose foron os seguintes:

- ∴ Actividades culturais e deportivas
- ∴ Espazo público
- ∴ Violencia machista
- ∴ Medioambiente
- ∴ Problemas da adolescencia cedeiresa

Despois de traballar coa infancia e adolescencia, protagonista deste proceso participativo, realizáronse as mesas de traballo tanto con persoal político e técnico, coma con representantes de entidades educativas, tecido asociativo veciña, cultural e deportivo da vila de Cedeira.

PRINCIPAIS VALORACIÓN

Principais valoración realizadas nos obradoiros con alumnado de primaria

A continuación presentamos algunhas das principais valoración realizadas polo alumnado de 5º e 6º de primaria en relación aos diferentes temas abordados no obradoiro creativo:

En relación ás actividades deportivas...

"No Cedeira SD non hai equipo feminino e tiveron que formar as Discalzas"

"Que hai poucas nenas en fútbol"

"Que haxa voleyball"

"Que se melloren os vestiarios da piscina"

"Gustárame que a piscina de Cedeira fora máis grande, porque hai xente que adestra para ser campión de España ou algo"

"Máis eventos deportivos e musicais, que son moi divertidos!"

"Unha pista de patinaxe"

En relación ás actividades culturais...

"A escola de música precisa axuda urxentemente"

"Que traian máis películas ao auditorio"

"Nas gradas laterais do auditorio, as cadeiras son moi incómodas"

"Que deixen entrar a menores de 12 anos no centro de ocio"

"Que haxa parte de películas na biblioteca"

"Que haxa obradoiros de lettering"

"Boto en falta un paiaso que nos faga rir"

"Quero que fagan un club de arte ou obradoiros de debuxo, porque hai moi poucos"

En relación aos espazos naturais...

"Preocúpanme os animais da rúa ou os que están abandonados"

"Gústame a paisaxe e o sitio, pero melloraría a limpeza"

"Que houbera casas nas árbores"

"Poderíase facer un paseo de táboas até o faro Robaleira"

"Que non corten árbores sen permiso"

"Que quiten a árbore con pinchos de San Isidro"

"Onde están os parrulos, encántame o son dos paxáros"

"Poñería máis bancos para poder pasar a tarde"

"Que pranten máis árbores e froes"

En relación aos parques...

"Non me gusta que cambien tanto os parques pola seguridade, vólvese aburrido"

"O parque de San Isidro ten unha tiroliña e gústame moito, pero no da praza Roxa quitaron as cordas e agora é máis aburrido"

"Que volvan as colchonetas á praza Roxa"

"O parque de Floreal é para pequenos e está moi contaminado"

"Máis cousas para nenas e nenos maiores, de 10, 11 e 12 anos"

En relación aos problemas da infancia ...

"Que fagan grafittis nas paredes sen pedir permiso"

"Gustaríame que Cedeira fose un pobo antimaltrato animal"

"Que a comida esencial sexa máis barata para quen o precisa"

"O lixo e a contaminación"

"Cando os avós se fan maiores non podemos ir a velos moitas veces"

"Que os maiores teñan que ir ao médico a Ferrol"

"As beirarrúas son moi pequenas, e pode afecta ás persoas con discapacidade"

"En Régoa non temos fibra e non podemos xogar con aparatos electrónicos"

Principais valoracións realizadas nos obradoiros con alumnado de secundaria e formación profesional

A continuación presentamos algunhas das principais valoracións realizadas polo alumnado de 2º e 3º da ESO e formación profesional básica en relación aos diferentes temas abordados no obradoiro creativo:

En relación ás actividades culturais e deportivas ...

"Mellorar a pista do Floreal"

"Poucos deportes a escoller e poucas competicións"

"Mellorar o equipamento do ximnasio"

"Votacións para escoller os grupos de música, porque non a todo o mundo lle gusta o mesmo"

"Máis axudas económicas as asociacións e clubes"

"Ximnasio gratis"

"Socorrista na piscina municipal"

En relación aos espazos públicos...

"Que o centro de ocio amplie horario e abra entre semana"

"Piscina municipal máis grande"

"Contar con carril bici/patíns... non hai por onde ir en bici"

"Un parque para cans"

"Máis baños públicos e que teñan boa hixiene"

"Contar con máis lugares cubertos"

"Produtos de hixiene feminina no centro de ocio"

En relación á violencia machista...

"Ter máis información e que se visibilice o problema"

"Charlas sobre sexualidade para coñecer indicios de violación e abuso sexual"

"Os homes deben axudar máis nos traballos da casa"

"Que haxa máis obradoiros de igualdade"

"Medo a ir as rapazas soas pola noite"

"Hai xente que non entende a palabra non"

"Facer murais e manifestacións"

En relación ao medioambiente...

"Aumentar o punto limpo"

"Preocúpame o lixo e os residuos na praia"

"Poñer vixilancia anti incendios nos montes"

"Multar a quen tire lixo ao chan e máis charlas en institutos e escolas"

"Limpar as dunas"

"Moito coche e pouca bici"

"Pesca furtiva"

En relación aos problemas da adolescencia cedeiresa...

"Precísase máis profesorado para as clases de reforzo"

"Presión nos estudos"

"Saúde mental"

"Pouca motivación nos estudos"

"Bullying"

"Discoteca para menores sen alcol"

"Máis buses"

Principais valoracións nas mesas de traballo con persoal político e técnico, e representantes da comunidade educativa e do tecido asociativo local

A poboación adulta que participou nesta diagnose aportou a súa perspectiva ou enfoque sobre dos problemas e necesidades que poden ter as nenas, os nenos e adolescencia en Cedeira. Nalgúns casos, a análise realizada é coincidente co indicado pola propia rapazada, noutros, existe un enfoque propio que trasladamos a continuación.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

- ∴ Necesidade de adaptar os horarios das actividades culturais e deportivas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- ∴ Revisión solapamentos na oferta de actividades.
- ∴ Ampliar a oferta deportiva e o horario das instalacións.
- ∴ Falta de participación activa da adolescencia nas actividades culturais.
- ∴ Falta de participación feminina nas actividades deportivas.
- ∴ Necesidade de máis espazos para realizar actividades culturais como ensaios por parte de grupos ou bandas de música.
- ∴ Falta de espazos deportivos ao aire libre.
- ∴ Consultar o deseño da programación deportiva e cultural atendendo as demandas da poboación diana.
- ∴ Necesidade dunha maior implicación das nenas, dos nenos e da adolescencia na vida asociativa da vila.
- ∴ Necesidade dunha sala de proxección ou cine con programación actualizada.
- ∴ Necesidade de crear espazos para o intercambio entre xeracións.

VIOLENCIA MACHISTA

- ∴ Necesidade de informar e formar sobre educación sexual, acoso escolar, violencia de xénero e resolución non violenta de conflitos.
- ∴ Creación dunha escola de nais e pais.
- ∴ Recursos insuficientes para abordar esta problemática
- ∴ Aumentar a implicación e participación en charlas e manifestacións contra a violencia machista.
- ∴ Necesidade de transversalizar o tema e integralo en actividades culturais, deportivas...
- ∴ Maior apoio e acompañamento a posibles situacións de violencia machista e coordinación cos centros educativos.

MEDIOAMBIENTE

- ∴ Participación activa e protagonista das nenas, dos nenos e da adolescencia na reivindicación de coidados para o entorno.
- ∴ Cursos sobre reciclaxe
- ∴ Medios de transporte alternativos ao coche particular

- ∴ Mercados de troque de segunda man
- ∴ Puntos de auga potable sinalizados, saneados e accesibles.
- ∴ Concienciar sobre a limpeza das rúas, con atención aos excrementos de animais.
- ∴ Fomento da plantación de especies autóctonas
- ∴ Promover a colaboración das nenas, dos nenos e adolescentes coas protectoras de animais.
- ∴ Promover o voluntariado ambiental (accións coma limpeza de praias, ríos...)
- ∴ Acabar co furtivismo
- ∴ Promover o uso do punto limpo e conciencia sobre a necesidade de non verter residuos ao medio.
- ∴ Ampliar horario do punto limpo.
- ∴ Máis control sobre dos animais da rúa (chips) e actuación fronte ao maltrato animal.

ESPAZOS PÚBLICOS

- ∴ Contar con parques infantís cubertos
- ∴ Aspirar a un pobo conectado por carril bici
- ∴ Establecer camiños seguros (a pé, bici, patín...) interconectando puntos estratéxicos de interese infantil e xuvenil.
- ∴ Ampliación do horario do centro de ocio xuvenil.
- ∴ Contar un espazo cuberto que as nenas, os nenos e adolescentes puideran ir configurando ao seu gusto.
- ∴ Falta de espazos de lecer abertos.
- ∴ Falta de zonas verdes conectadas con partes ou xogos infantís ou xuvenís.
- ∴ Camiños seguros á escola.
- ∴ Accesibilidade de beirarrúas.
- ∴ Mobiliario urbano inaccesible.
- ∴ Sinalización con pictogramas para favorecer a creación dunha vila inclusiva.
- ∴ Revisión da luminaria pública en certos espazos.
- ∴ Crear áreas recreativas nas zonas rurais.
- ∴ Centro de día para persoas maiores
- ∴ Unha sala ou espazo onde poder celebrar festas, aniversarios... con cesión gratuita polo concello previa solicitude.
- ∴ Apoio ás familias de crianzas con necesidades educativas.

PARTICIPACIÓN NA VIDA PÚBLICA

- ∴ Non existe un espazo de participación para a infancia e adolescencia.
- ∴ Falta de continuidade de certas actividades.
- ∴ Descoñecemento dos intereses e necesidades da infancia e da adolescencia.
- ∴ Formación sobre funcionamento das institucións.
- ∴ Creación de foros temáticos.
- ∴ Fomentar a participación na escolla de programación infantil e xuvenil.
- ∴ Construír espazos de participación onde as nenas, os nenos e a adolescencia sexan protagonista.

PROBLEMAS

- ∴ Saúde mental: necesidade de contar cun recurso especializado para acompañar e apoiar tanto ás crianzas como ás familias.

CONCLUSIÓNS

O traballo realizado nesta diagnose será a base sobre a cal se elabore o I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028). Para iso, as diferentes áreas de traballo diagnóstico serán convertidas en eixos de actuación nos que se irán deseñando medidas máis concretas.

Para profundar nas accións que darán forma ao plan de traballo a cinco a nos, levaranse a cabo diferentes obradoiros, novamente contando co alumnado do IES Punta Candieira e do CEIP Nicolás del Río. Igualmente, crearanse espazos de participación a través de mesas de traballo para dar voz ao persoal político e técnico, así como a representantes do tecido asociativo e da comunidade educativa.

Este documento é o punto de partida para construír unha Cedeira onde as nenas, os nenos e a adolescencia teñan un papel importante nas decisións municipais.